

# LV Olimpíada Matemática Española

Fase Galega

Primeira sesión

Venres mañá, 18 de xaneiro de 2019

1. Para cada número de catro cifras  $\overline{abcd}$ , denotamos por  $S$  o número  $S = \overline{abcd} - \overline{dcba}$ . Demostra que  $S$  é múltiplo de 37 se e só se as dúas cifras centrais do número  $\overline{abcd}$  son iguais.
2. Demostra que para todo  $n \geq 2$  podemos atopar  $n$  números reais

$$x_1, x_2, \dots, x_n \neq 1$$

de maneira que os produtos

$$x_1 \cdot x_2 \cdot \dots \cdot x_n \quad \text{e} \quad \frac{1}{1-x_1} \cdot \frac{1}{1-x_2} \cdot \dots \cdot \frac{1}{1-x_n}$$

son iguais.

3. O trapezio isósceles  $ABCD$  ten lados paralelos  $AB$  e  $CD$ . Sabemos que  $\overline{AB} = 6$ ,  $\overline{AD} = 5$  e  $\angle DAB = 60^\circ$ . Lánzase un raio de luz dende  $A$  que rebota en  $CB$  no punto  $E$  e interseca a  $AD$  no punto  $F$ . Se  $\overline{AF} = 3$ , calcula a área do triángulo  $AFE$ .

Non está permitido o uso de calculadoras.

Cada problema puntúase sobre 7 puntos.

Transcorrida 1 hora e media, hai que entregar un problema.

A continuación, cada hora entregárase un novo problema.

# **LV Olimpíada Matemática Española**

**Fase Galega**

**Segunda sesión**

**Venres tarde, 18 de xaneiro de 2019**

- 4.** Sexa  $p \geq 3$  un número primo e consideramos o triángulo rectángulo de cateto maior  $p^2 - 1$  e cateto menor  $2p$ . Inscríbimos no triángulo un semicírculo cuxo diámetro descansa sobre o cateto maior do triángulo e que é tanxente á hipotenusa e mais ao cateto menor do triángulo. Determina os valores de  $p$  para os que o raio do semicírculo é un número enteiro.
- 5.** Existen números naturais  $m, n \geq 1$  de forma que

$$n^2 + 2018mn + 2019m + n = 2019m^2$$

sexá un número primo?

- 6.** Fixamos un número natural  $k \geq 1$ . Determinar todos os polinomios  $P(x)$  que cumplan

$$P(x^k) - P(kx) = x^k P(x)$$

para todo valor de  $x \in \mathbb{R}$ .

**Non está permitido o uso de calculadoras.**

**Cada problema puntúase sobre 7 puntos.**

**Transcorrida 1 hora e media, hai que entregar un problema.**

**A continuación, cada hora entregárase un novo problema.**